



DECRETO

**Descrición decreto: Nomeamento de funcionarias de carreira Administrativo
Expediente: 3/2020**

D. José Luis Oujo Pouso, Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG) AVOCA a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante decreto 2019-544 de 1 de Xullo relativo a aprobación da certificación única da obra en relación co seguinte expediente 1331/2020:

ANTECEDENTES

Antecedentes Administrativos e Fundamentación Xurídica:

1. Oferta de Emprego Pública do Concello de Porto do Son correspondente ao exercicio 2018 (BOP 247 do 28/12/2018) e exercicio 2019 (BOP 77 do 24/04/2019)
2. Resolución da Alcaldía núm. 12/2020 do 08/01/2020 pola que se convocan as probas selectivas para o nomeamento en propiedade, funcionario de carreira, Grupo C, subgrupo C1, Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, de dúas prazas de "Administrativo", mediante promoción interna.
3. Anuncio de Bases de convocatoria publicado no BOP (8 de 14/01/2020), DOG (26 do 07/02/2020) e BOE (174 do 23/06/2020)
4. Resolución da Alcaldía do 07/12/2020 de aprobación da listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos.
5. Resolución da Alcaldía núm. 149/2021 do 28/01/2021, de aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos, fixación do Tribunal e sinalamento da data para realización do primeiro exame da fase de oposición.
6. Acta Segunda do Tribunal de Selección, de data de 22/02/2021, emitida tras a realización do primeiro exercicio da fase de oposición.
7. Acta Terceira do Tribunal de Selección, de data 1/03/2021, emitida tras a realización da fase de concurso, da que resulta en resumo o seguinte:

A puntuación final da fase de oposición e concurso das aspirantes é:

ASPIRANTE	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACION TOTAL
Sánchez Fariña, M ^a Pilar	37	4,25	41,25
Monzón Rodríguez, M ^a del Carmen	37	4,75	41,75

A vista do resultado do proceso selectivo, o tribunal propón:

"Único: Declarar aprobadas e nomear funcionarias de carreira pertencente ao grupo "C", subgrupo "C1", encadrado na Escala de Administración Xeral, Subescala Administrativa, baixo a denominación "Administrativo/a" e pola orde que se indica a:

ORDE	ASPIRANTE	FASE OPOSICIÓN	FASE CONCURSO	PUNTUACION TOTAL
1º	Monzón Rodríguez, M ^a del Carmen	37	4,75	41,75
2º	Sánchez Fariña, M ^a Pilar	37	4,25	41,25



CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia

Real Decreto Lexislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e da provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado.

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 10 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de Réxime Local.

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Nomear, a proposta do órgano de selección cualificador das correspondentes probas selectivas da oferta de emprego público correspondente ao ano 2018 e 2019, o nomeamento de funcionarias de carreira para as seguinte prazas, a favor das persoas relacionadas a continuación:

Persoal: funcionario	Persoal: funcionario
Escala: administración xeral	Escala: administración xeral
Subescala: administrativa	Subescala: administrativa
Clase: Administrativo	Clase: Administrativo
Código do posto: Secretaría 1004	Código do posto: Intervención 2004
Nome e apelidos: MARÍA CARMEN MONZÓN RODRÍGUEZ	Nome e apelidos: MARÍA DEL PILAR SÁNCHEZ FARIÑA
DNI: 52453009Z	DNI: 76777497R

SEGUNDO. –De acordo coa base 12 que rexe o proceso, requirir ás aspirantes propostas para o seu nomeamento para que presenten, no prazo de vinte (20) días naturais desde a publicación da relación definitiva das aspirante que superaron o proceso selectivo, os seguintes documentos orixinais ou copias cotexadas:

- Os indicados no apdo. 1 da base 3ª.
- Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de persoal funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, deberá presentar, ademais, declaración xurada ou promesa de non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento da toma de posesión.
- Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou eiva física que impida o normal desenvolvemento da súa función, no caso de tratarse de persoas con minusvalías.
- Código IBAN dunha conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social (no caso de ter estado dado de alta).
- Aqueles indicados na base 4.3 desta convocatoria.

Quen teña a condición de persoal ao servizo das Administracións Públicas estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa probados para obter o seu anterior nomeamento. Neste caso, poderán presentarán certificación da Administración Pública da que dependan acreditativa daqueles extremos.

Para a adquisición da condición de funcionaria de carreira, deberá cumprir os requisitos esixidos no artigo 60 da Lei 2/2015 do 29 de abril, de emprego público de Galicia e tomar posesión do





correspondente posto de traballo no prazo dun mes que comezará a computarse a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución.

Na toma de posesión terá que efectuar o acto de acatamento da Constitución, o Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións conforme á fórmula contida no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril.

TERCEIRO. Publicar o nomeamento no *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* no DOG, no BOP, na web municipal “www.portodoson.gal” (no portal de emprego) e no taboleiro de edictos do concello (Sede electrónica) conforme ao establecido no artigo 25 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, en relación co artigo 134.2 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 10 de abril).

CUARTO. Notificarlle esta resolución ás interesadas advertíndolle de que esta resolución ponlle fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ante a Alcaldía no prazo de 1 mes contado dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispoñen o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e o artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Tamén poderán interpoñer contra esta resolución un recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, segundo dispón o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

En todo caso poderá utilizar calquera outro recurso que estime oportuno.

En Porto do Son na data da sinatura dixital

O ALCALDE-PRESIDENTE
Asdo. José Luis Oujo Pouso

A SECRETARIA, en acc. ,dou fe
Asdo. Lucía Artime Alonso

